Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175*// Tel.: 981670002 Fax:* 981 6722 82*// C.LF.: P-1502100 I*

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOVO PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE CARRAL PARA ESTUDANTES PARA O CURSO 2019/2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000235

Logo de ver que noo Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 51, do 16 de marzo de 2020, se publicou a convocatoria do Concello de Carral para **axudas ao estudo do Concello de Carral para estudantes para o curso 2019/2020,** en cuxas bases reguladoras se establecía coma prazo de presentación de solicitudes o de de quince días hábiles que se contarían dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Logo de ver que a Disposición Adicional 3ª.1 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 estableceuLogo de ver que que "*Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo*".

Logo de ver que, en cumprimento do devandito precepto, o prazo para a presentación de solicitudes en relación coas referida convocatoria quedou interrompido, sen que puidese transcorrer ningún día del, e indicouse que se fixaría de novo en canto fose posible legalmente., e que de todo iso se daría conta polos mesmos medios de publicidade establecidos nas respectivas bases reguladoras.

Logo de ver que o artigo 9 do "Real Decreto 537/2020, de 22 de mayo, por el que se prorroga el estado de alarma declarado por el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19" establece que "*Plazos administrativos suspendidos en virtud del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo. Con efectos desde el 1 de junio de 2020, el cómputo de los plazos administrativos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas.*

En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local ,

RESOLVO

1).- Advocar, ao non estar prevista a realización de ningunha sesión da Xunta de Goberno Local nas actuais circunstancias, as miñas atribucións delegadas nese órgano mediante o meu decreto 315/2019, do 18 de xullo correspondentes á aprobación, disposición do gasto e recoñecemento das obrigas, dentro dos límites da atribución orixinaria da Alcaldía, e á aprobación das bases de subvencións e axudas convocadas polo Concello e resolución da súa concesión.

FIRMADO POR Francisco Javier Gestal Pose (FECHA: 01/06/2020 14:13:00) , Diego García Doval (FECHA: 01/06/2020 14:14:00)
Decreto Nº: 232/2020 - Fecha de decreto: 01/06/2020
Versión imprimible
CVD: THSFepR3TkzxbPviiNVi
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// *Tel.: 981670002 Fax:* 981 6722 82// *C.LF.: P-1502100 I*

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es

2).- Fixar, en función da previsión de posibilidades de atención presencial por parte do persoal do Concello para a presentación de solicitudes **de axudas ao estudo do Concello de Carral para estudantes para o curso 2019/2020, un novo prazo** de quince días hábiles, **dende o 08 de xuño de 2020 ata o 30 de xuño (incluido)**

3).- Publicar este decreto na páxina web do Concello (www.carral.es) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (sen prexuízo de que o anuncio se poida inserir adicionalmente nos taboleiros de edictos dos diferentes edificios municipais).

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval

FIRMADO POR Francisco Javier Gestal Pose (FECHA: 01/06/2020 14:13:00) , Diego García Doval (FECHA: 01/06/2020 14:14:00)

Decreto Nº: 232/2020 - Fecha de decreto: 01/06/2020
Versión imprimible

CVD: THSFepR3TkzxbPviiNVi
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.